



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA
EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A HERMANDAD GALLEGA DE
VENEZUELA EN CARACAS COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á
ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS
CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN CARACAS (VENEZUELA).**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración para a concesión dunha axuda á entidade “Hermandad Gallega de Venezuela”, co fin de contribuír á atención do colectivo de emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por razóns de idade, estado físico e situación de carencia necesiten a cobertura de necesidades socio sanitarias básicas ou ser atendidos no Centro de Día que xestiona nas súas instalacións dita entidade. Esta axuda e de carácter singular e está sustentada en razóns de interese público social e humanitario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Na cidade de Caracas (Venezuela), residen unha grande colonia formada por persoas de orixe galega, que pola súa situación de carencia, sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria. Segundo o censo electoral de





residentes no estranxeiro, a data do 1 de xaneiro de 2016, é de 46.882 emigrantes galegos. Estes datos confirman a Venezuela como o segundo país estranxeiro onde máis galegos residen na actualidade, tras Arxentina.

A Hermandad Gallega de Venezuela, entidade fundada en decembro do ano 1960, é unha entidade que agrupa actualmente a preto de once mil cincocentos socios, dos cales mais de nove mil cincocentos son galegos, sendo a principal entidade galega en Caracas. Na actualidade está a desenvolver unha importante política social e sanitaria orientada a facer efectiva a cobertura médica básica de persoas con escasos recursos e que se atopan en situación de necesidade pertencentes á colectividade galega. A propia sociedade dispón de servizos básicos de asistencia social, de ambulatorio médico e atención sanitaria básica.

O cambio de normativa acerca das entidades mutualistas e organizacións de asistencia sanitaria, realizada pola República Bolivariana de Venezuela no ano 2011, con entrada en vigor no presente ano, provocou que moitos emigrantes galegos que tiñan subscrita a súa cobertura médica a través de entidades mutualizadas quedaran sen tales coberturas.

Deste colectivo, un gran número de persoas de orixe galega e con nacionalidade española, non dispoñen da pensión económica de ancianidade que concede o Estado español, e os seus recursos non posibilitan a cobertura de tales necesidades.

A intención da Secretaría Xeral da Emigración é colaborar coa Hermandad Gallega de Caracas para facilitar a detección destas necesidades e súa cobertura as persoas de orixe galego máis necesitadas.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.





O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de dar apoio aos emigrantes galegos, residentes en Venezuela, que por cuestións de idade presentan problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2016.

